

## CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES NAS CÁTEDRAS INSTITUCIONAIS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO ACADÉMICO 2019/20

### 1. MARCO XURÍDICO

O Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela (USC), aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015, no que se establece o procedemento para a organización de prácticas externas curriculares, extracurriculares ou prácticas para a elaboración dos traballos fin de grao/fin de máster na propia USC, e considerando que se cumpren os presupostos esixidos no artigo 27 desta normativa, relativos a:

#### a) Solicitude do órgano convocante das prácticas de inclusión na oferta de prácticas:

A Vicerreitoría de Organización académica formula unha oferta de:

- 1 praza para a realización de prácticas académicas externas extracurriculares a desenvolver na Cátedra Institucional da USC Juana de Vega que terán carácter formativo.
- 1 prazas para a realización de prácticas académicas externas extracurriculares a desenvolver na Cátedra Institucional da USC J.A. Valente de Poesía e estética que terá carácter formativo
- 1 praza para a realización de prácticas académicas externas extracurriculares a desenvolver na Cátedra Institucional da USC Valle-Inclán que terán carácter formativo

#### b) Informe da Unidade receptora de alumnos en prácticas (No caso de unidades administrativas, este órgano será a Xerencia):

Á vista do escrito da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, de 4 marzo de 2020, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as en prácticas das titulacións de grao da USC nas instalacións administrativas da USC que se determinen (centros e instalacións vinculadas ás Cátedras Institucionais da USC que ofertan as prácticas)

**Esta Reitoría Resolve,**

1.- Autorizar a realización de prácticas académicas externas extracurriculares dos estudantes das titulacións de Grao da USC coa seguinte descrición:

Centro	Número de prazas ofertadas	Titulacións	Duración	Horas semanais	Importe mensual bruto
Cátedra José Angel Valente de Poesía e Estética	1	Estudantes do Grao en Lingua e Literaturas Españolas e estar cursando ou ter cursado a materia Literatura Española: Das Vanguardas ao Século XXI, do Grao de Lingua e Literatura Españolas.	1 meses (1 ECTS)	6 h	300€
Cátedra Juana de Vega	1	Estudantes do Grao en Historia cun mínimo de 110 créditos superados da titulación.	3 meses (3 ECTS)	6 h	300€
Cátedra Valle-Inclán	1	Estudantes do Grao en Lingua e Literaturas Españolas e estar cursando ou ter cursado a materia Textos de Literatura Española III ("Valle-Inclán en sus textos")	2 meses (2 ECTS)	5 h	250€

A dotación destas prácticas inclúese nas seguintes partidas dos orzamentos da USC:

Cátedra VALLE INCLÁN: 5040 4334 22900

Cátedra JUANA DE VEGA: 5075 4314 22900

Cátedra JOSE ANGEL VALENTE: 5053 4332 22900

## 2.- Establecer o seguinte réxime de prácticas académicas externas extracurriculares:

- As prácticas terán carácter formativo e estarán vinculadas ao desenvolvemento de actividades e accións vinculadas ás Cátedras Institucionais da USC que se recollen no Anexo desta convocatoria.
- As prácticas terán unha equivalencia en créditos segundo o que se estableza a tal efecto no apartado anterior e no Anexo correspondente a cada práctica.
- Estas prácticas serán incompatibles con calquera relación laboral retribuída. No caso de percibir retribucións por calquera outra actividade que non supoña relación laboral, deberán solicitar no prazo de 10 días a oportuna compatibilidade perante o órgano convocadora, suspendéndose ata a súa concesión ou denegación os dereitos e deberes inherentes ás prácticas académicas externas extracurriculares.

- Estas prácticas serán compatibles coas bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e da Xunta de Galicia.
- A concesión e desenvolvemento das prácticas non establece relación contractual ou estatutaria coa USC nin implica compromiso en canto á posterior incorporación do/a interesado/a ao seu cadro de persoal.
- Ningún alumno poderá prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro desta resolución.

### 3.- Requisitos a cumprir polo alumnado para a realización destas prácticas académicas externas extracurriculares.-

1. Estar matriculado na titulación á que se vinculan as competencias básicas, xenéricas, específicas e/ou transversais a adquirir na realización das prácticas (ver Anexo I). Deberá estar matriculado na data de comezo das prácticas, e durante todo o período de desenvolvemento, na modalidade de matrícula ordinaria.
2. Os estudantes de Cursos Ponte e os estudantes alleos de programas de intercambio están excluídos desta convocatoria dada a singularidade dos seus estudos. No anexo onde se recollen as prácticas a realizar se indicaran os requisitos específicos que deberán cumprir os estudantes para realizar cada práctica.
3. Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas académicas externas extracurriculares.
4. Non ter realizado o depósito do título. No caso de facelo durante o período de desenvolvemento das prácticas, o trámite de depósito porá fin á práctica.
5. Non manter ningunha relación contractual coa USC.

### 4.- Solicitudes.-

1. A presentación de solicitudes farase na sede electrónica da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/102/ver.htm>, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non é necesario que se aporte a certificación académica.
2. Na solicitude, cada persoa interesada deberá especificar o nome da Cátedra institucional da USC para a que solicita as prácticas e o Centro de destino.
3. Para seren admitidos/as ao procedemento de selección os/as aspirantes manifestarán na súa solicitude que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidas, referidas á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes.
4. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases por parte de cada solicitante.

### 5.- Prazo de solicitude.-

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días a partir do día seguinte ao da publicación desta Convocatoria no Taboleiro electrónico da USC.

### 6.- Publicación de admitidos.-

Aos 5 días de finalizado o prazo de presentación de solicitudes a Vicerreitoría de Organización Académica publicará no taboleiro electrónico da USC a relación de aspirantes admitidos e excluídos, coa causa da súa exclusión. Os solicitantes excluídos terán un prazo de 10 días a partir do seguinte á publicación no taboleiro electrónico para a emenda da causa que motivou a exclusión, quedando definitivamente excluídos de non facelo.

## 7.-Selección.-

Constituirase unha Comisión de Selección que estará formada polo Vicerreitor de Planificación e Proxección Estratéxica, o Vicesecretario Xeral e o/a Director/a da Cátedra correspondente que oferta estas prácticas.

Os/as aspirantes poderán formular causas de abstención e recusación contra os membros da dita comisión no xeito establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

O proceso de selección constará dunha única fase de valoración na que se terá en conta a media dos expedientes académicos.

A comisión xulgadora levantará acta na que consten os acordos acadados e o resultado das valoracións.

## 8.- Listas de admitidos, matrícula e réxime de aseguramento.-

1. Finalizada a fase de valoración, a Comisión de Selección elaborará unha proposta de resolución cos candidatos seleccionados e a listaxe de agarda, por orde de puntuación, para que a Vicerreitoría de Organización Académica dite a resolución correspondente que será publicada no Taboleiro Electrónico da USC.
2. Contra esta resolución os/as interesados/as poderán presentar reclamación no prazo de 10 días, contados dende a data da súa publicación. Transcorrido ese prazo é a vista das reclamacións, a Vicerreitoría de Organización Académica ditará resolución definitiva por delegación do Reitor da Universidade para a súa publicación.
3. A resolución definitiva será comunicada aos responsables do centro ao que pertencen os alumnos seleccionados para que procedan á designación do/a titor/a académico/a. En calquera caso deberá formar parte do Persoal Docente e Investigador do centro.
4. Publicada a resolución definitiva de adxudicación das prácticas os seleccionados deberán formalizar matrícula de forma presencial na Unidade de Xestión Académica que lles corresponda, no prazo que se indica na resolución definitiva.
5. A realización das prácticas estará cuberta polo seguro escolar obrigatorio dos estudantes agás para os estudantes maiores de vinte e oito anos e estranxeiros para os que se formalizará obrigatoriamente o seguro de accidentes e asistencia en viaxe que ten a USC contratado con cargo á persoa beneficiaria.

## 9.- Documentación a presentar e requirimentos dos estudantes seleccionados:

- Publicada a resolución definitiva de adxudicación das prácticas os seleccionados deberán formalizar matrícula de forma presencial na Unidade de Xestión Académica que lles corresponda, no prazo que se indica na resolución definitiva.

- Os estudantes seleccionados deberan enviar por correo electrónico ao centro seleccionado o D.N.I. o número de conta para facer o ingreso, o número da seguridade social e o modelo 145 do IRPF, (retencións sobre rendemento do traballo ).

#### 10.- Plan de formación e obrigas dos estudantes seleccionados.-

- O plan de formación será definido polos diferentes directores das Cátedras de acordo coa planificación que se comunicará ás persoas beneficiarias (ver Anexo I). As actividades formativas desenvolveranse durante o período das prácticas e deberán quedar acreditadas mediante control de asistencia, informes do titor e/ou memoria de actividades a cargo da persoa beneficiaria.
- Os estudantes están obrigados a cumprir o plan de formación debendo realizar as actividades establecidas de acordo coa correspondente planificación.
- Participar nas reunións de coordinación para o correcto desenvolvemento do programa.
- As actividades deseñadas para a realización das prácticas académicas externas extracurriculares recóllense no Anexo I dependendo de cada Cátedra.
- O incumprimento das obrigas por parte do alumnado seleccionado dará lugar á revogación inmediata co cese na percepción da contía económica durante os meses que resten da práctica, sen prexuízo da devolución das cantidades obtidas por incumprimento das obrigas e doutras responsabilidades que se lle puideran esixir.
- No caso de que os estudantes non poidan cumprir as obrigas desta resolución poderán renunciar mediante a correspondente solicitude á Vicerreitoría, que resolverá.

#### 11.- Avaliación.-

1. Ao finalizar o período de prácticas cada estudante deberá desenvolver o proxecto formativo elaborando unha memoria final sobre as actividades realizadas.
2. A avaliación das prácticas será realizada pola USC ao través do titor/a académico/a á vista da memoria final e do informe do titor/ra de prácticas externo da Cátedra da USC.
3. Para avaliar favorablemente as prácticas ao estudante, este non poderá ter unha ausencia superior ao 15% das horas programadas.

#### 12.- Acreditación.-

Cando a avaliación da memoria sexa positiva e o informe da actuación do estudante favorable, a dirección da Cátedra emitirá por cada estudante que participou nas prácticas unha certificación na que constará o tempo de colaboración e as actividades e tarefas realizadas. A certificación deberá especificar que só terá efectos académicos no SET logo da avaliación do/a titor/a académico/a da USC na acta electrónica correspondente.

#### 13.- Lugar de notificación dos actos derivados desta resolución.-

De conformidade cos artigos 40 a 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, todas as notificacións practicaranse por vía electrónica a través do Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica da USC.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de

reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor

Por delegación (resolución reitoral do 20 de xuño de 2018)

A Vicerreitora de Organización Académica

María Celia Besteiro Rodríguez

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

**TABOLEIRO ELECTRÓNICO DA USC**

## ANEXO I

ANEXO Á RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES NAS CÁTEDRAS INSTITUCIONAIS DA USC PARA O CURSO ACADÉMICO 2019/20

*(modelo a encher por triplicado para cada alumno/a seleccionado/a para realizar as prácticas)*

### I. CÁTEDRA INSTITUCIONAL DA USC: JOSÉ ÁNGEL VALENTE DE POESÍA E ESTÉTICA

1.- Tipo de práctica: Extracurricular

2.- Número de prazas ofertadas: 1

3.- Titulación ou titulacións ás que vai dirixida a práctica e requisitos de admisión:

Estudantes do Grao en Lingua e Literaturas Españolas e estar cursando ou ter cursado a materia Literatura Española: Das Vangardas ao Século XXI, do Grao de Lingua e Literatura Españolas.

O criterio de selección será a valoración do expediente académico segundo o establecido no Protocolo de Colaboración de 27 de xuño de 2011 asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos.

4.- Centro das actividades e localidade onde se desenvolverán as prácticas:

Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética, Facultade de Filoloxía, Santiago de Compostela

5.- Titor/a externo/a do/a estudante:

Profesor Claudio Rodríguez Fernández (Director da Cátedra)

6.- Duración das Prácticas Académicas Externas:

Un mes (maio). Horas semanais: 6h (1 crédito ECTS). A realización terá lugar no recinto da Cátedra Valente, na Facultade de Filoloxía (Campus Norte)

7.- Aportación económica pola totalidade da práctica, que se aboará por mes:

300 €/mes a través de transferencia bancaria que se realizará na conta do/a alumno/a seleccionado con cargo á partida presupostaria da Cátedra. A esta cantidade haberá que detraer a cotización á seguridade social que corresponda.

8.- **Réxime de permisos:** Será acordado pola Cátedra e o estudante, e deberá adaptarse ás normas que se podan establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da Cátedra as obrigas do cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudantes.

9.- O **obxectivo educativo** destas prácticas é que o estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

10.- **Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.):**

O/A alumno/a seleccionado/a formarase en actividades prácticas para a adquisición das competencias básicas recollidas no Real decreto 1393/2007. Para alumnado de graos:

1. **Competencias** a adquirir polo estudante:

- Comprensión e manexo do material de arquivo literario contemporáneo (manuscritos e mecanografados orixinais, cartas e postais, recortes e dosieres, periódicos e revistas, libros e obras de arte, etc.)

2. Para acadar ditas competencias, formarase aos alumnos seleccionados conforme aos seguintes **contidos formativos**:

- Presentación do arquivo, biblioteca e investigación da Cátedra Valente de Poesía e Estética

- Nocións básicas de traballo investigador en arquivos de cultura contemporánea

- Orientación sobre a actividade investigadora a desempeñar

3. As **actividades**, obxecto da formación, nas que dará soporte o/a estudante son as seguintes:

- Transcrición de documentos, especialmente cartas, inéditos ata agora.

- Investigación e inventario sobre publicacións de José Ángel Valente non estudadas ata agora, como ás traducións dos seus textos ao inglés, francés, portugués, italiano, romanés, alemán, neerlandés, búlgaro, árabe, hebreo, etc.

- Busca e inventario de toda a iconografía artística publicada de Valente (debuxos caricaturescos, retratos pictóricos, fotografías de autor, etc.)

- Outras actividades nas que o/a estudante teña especial interese.

11.- **Sistemas de avaliación e control:** O/A titor/a académico/a, á vista do informe do titor externo (Director da Cátedra) da USC e da memoria final do/a estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece



no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

12.- O/a estudante comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:

- a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no Anexo.
- b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da cátedra Institucional da USC.
- c) Gardar o debido sixilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da USC.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas no marco das Cátedras Institucionais da USC.
- f) Calquera outro deber previsto na normativa vixente.

O que se asina, por triplicado, en....., a.....de.....de 2020

<p>O/A Titor/a Académico/a,</p>          <p>Asinado: .....</p>	<p>O/A Titor/a externo,</p>          <p>Asinado: .....</p>	<p>O/A estudante seleccionado/a,</p>          <p>Asinado: .....</p>
--	--	---

## II. CÁTEDRA INSTITUCIONAL DA USC: JUANA DE VEGA

1.- Tipo de práctica: Extracurricular

2.- Número de prazas ofertadas: 1

3.- Titulación ou titulacións ás que vai dirixida a práctica e requisitos de admisión:

Estudantes do Grao en Historia cun mínimo de 110 créditos superados da titulación.

O criterio de selección será a valoración do expediente académico segundo o establecido no Protocolo de Colaboración de 27 de xuño de 2011 asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos.

4.- Centro das actividades e localidade onde se desenvolverán as prácticas:

Facultade de Xeografía e Historia da USC (Santiago de Compostela) e, de ser o caso, na Fundación Juana de Vega (Oleiros – A Coruña)

5.- Titor/a externo/a do/a estudante (Director da Cátedra):

Profesores Lourenzo Fernández Prieto e Daniel Lanero Táboas

6.- Duración das Prácticas Académicas Externas:

Tres meses (abril, maio e xuño) a razón de 6h semanais (3 créditos ECTS)

7.- Aportación económica pola totalidade da práctica, que se aboará por mes:

900€ a razón de 300€/mes que se realizará a través de transferencia bancaria na conta do/a alumno/a seleccionado/a con cargo á partida presupostaria da Cátedra. A esta cantidade haberá que detraer a cotización á seguridade social que corresponda.

8.- Réxime de permisos: Será acordado pola Cátedra e o estudante, e deberá adaptarse ás normas que se poidan establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da Cátedra as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudantes.

9.- O **obxectivo educativo** destas prácticas é que o estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

## 10.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.):

O/a alumno/a seleccionado/a formarase en actividades prácticas para a adquisición das competencias básicas recollidas no Real Decreto 1393/2007. Para alumnado de graos:

### 1. Competencias a adquirir polo estudante:

- Familiarizarse coa xestión e tratamento de fondos documentais (fontes históricas): orais, escritos, imaxes...
- Adquirir coñecementos sobre a organización e xestión de actividades académicas: Seminarios, xornadas de debate, etc.

### 2. Para acadar ditas competencias, formarase aos alumnos seleccionados conforme aos seguintes **contidos formativos**:

- Adestramento nas técnicas de manexo de fontes orais (arquivo oral) e doutro tipo de fontes históricas
- Reforzo da formación metodolóxica recibida durante o Grao polo/a estudante.
- Achegamento á historiografía e os debates actuais sobre aqueles temas de investigación de maior importancia para a Cátedra: Historia da Muller; Historia do Liberalismo e da Democracia; Historia Agraria, etc.

### 3. As **actividades**, obxecto da formación, nas que dará soporte o/a estudante son as seguintes:

- Apoio na xestión do fondo documental (Historia Oral): "Terra e Memoria. Memoria Oral do Século XX", do Departamento de Historia.
- Dar soporte/apoio ás actividades organizadas regularmente pola Cátedra Juana de Vega, en particular ao Programa de Faladoiros da Cátedra Juana de Vega (programa de Seminario/Xornada que se celebra entre 1 e 2 veces por ano lectivo).

11.- Sistemas de **avaliación e control**: O/A titor/a académico/a, á vista do informe do titor externo (Director da Cátedra) e da memoria final do/a estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

12.- O/a estudante comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:

- a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no Anexo.
- b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da cátedra Institucional da USC.
- c) Gardar o debido coidado respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da USC.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas no marco das Cátedras Institucionais da USC.
- f) Calquera outro deber previsto na normativa vixente.

O que se asina, por triplicado, en....., a.....de.....de 2020

O/A Titor/a Académico/a,          Asinado: .....	O/A Titor/a externo,          Asinado: .....	O/A estudante seleccionado/a,          Asinado: .....
--	--	--

### III. CÁTEDRA INSTITUCIONAL DA USC: VALLE-INCLÁN

1.- Tipo de práctica: Extracurricular

2.- Número de prazas ofertadas: 1

3.- Titulación ou titulacións ás que vai dirixida a práctica e requisitos de admisión:

3.1. Estudantes do Grao en Lingua e Literaturas Españolas e estar cursando ou ter cursado a materia **Textos de Literatura Española 3 ("Valle-Inclán en sus textos")** do devandito Grao.

3.2. Expediente académico segundo o establecido no Protocolo de Colaboración de 27 de xuño de 2011 asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos.

4.- Centro das actividades e localidade onde se desenvolverán as prácticas:

Cátedra Valle-Inclán, Facultade de Filoloxía, Santiago de Compostela

5.- Titor/a do estudante da Cátedra:

Profesora Margarita Santos Zas

6.- Duración das Prácticas Académicas Externas:

Dous meses (maio e xuño) a razón de 5h./semana (2 créditos ECTS). A realización terá lugar no recinto da Cátedra Valle-Inclán, na Facultade de Filoloxía (Campus Norte), preferentemente os luns e martes a partir das 12.00h.

7.- Aportación económica pola totalidade da práctica, que se aboará por mes:

250 euros/mes. A esta cantidade haberá que detraer a cotización á seguridade social que corresponda.

8.- Réxime de permisos: Será acordado pola Cátedra e o estudante, e deberá adaptarse ás normas que se poidan establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da Cátedra as obrigas do cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudantes.

9.- O **obxectivo educativo** destas prácticas é que o estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

## 10.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.):

### 1. Competencias a adquirir polo estudante:

1.1. Familiarizarse co fondo documental, bibliográfico e gráfico do que dispón a Cátedra Valle-Inclán e o Grupo de Investigación a ela asociado: fondo impreso e manuscrito (bases de datos).

1.2. Coñecer a xestión das actividades programadas pola Cátedra Valle-Inclán: seminarios, exposicións e congresos.

1.3. Coñecer a xestión das publicacións propias: colección "Biblioteca Valle-Inclán" (edicións críticas e facsimilares, monografías e colectáneas)

### 2. Para acadar ditas competencias, formarase aos alumnos seleccionados dacordo aos seguintes **contidos formativos**:

2.1. Orientacións sobre os arquivos dixitais valleinclanianos (fondo impreso e manuscrito), como ferramentas de investigación.

2.2. Achegamento as liñas de investigación levada a cabo no marco da Cátedra Valle-Inclán polo Grupo de Investigación a ela asociado.

2.3. Nacións básicas sobre as tarefas editoriais derivadas da investigación valleinclaniana.

### 3. As **actividades**, obxecto da formación, nas que dará soporte o/a estudante son as seguintes:

3.1. Colaborar na xestión do fondo documental, bibliográfico e gráfico do que dispón a Cátedra Valle-Inclán (arquivos dixitais do fondo manuscrito e impreso: obras e prensa contemporánea; e gráfico: retratos, caricaturas, fotografías...).

3.2. Dar apoio á organización das actividades programadas pola Cátedra Valle-Inclán, en particular á próxima exposición adicada ao autor galego.

3.3. Apoiar secundariamente tarefas editoriais da Biblioteca da Cátedra Valle-Inclán, asociadas ao punto anterior (3.2.).

11.- Sistemas de **avaliación e control**: O/A titor/a académico/a, á vista do informe do titor externo (Director da Cátedra) e da memoria final do/a estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

12.- O/a estudante comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:

- a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no Anexo.
- b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da cátedra Institucional da USC.
- c) Gardar o debido sigilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da USC.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas no marco das Cátedras Institucionais da USC.
- f) Calquera outro deber previsto na normativa vixente.

O que se asina, por triplicado, en....., a.....de.....de 2020

<p>O/A Titor/a Académico/a,</p>          <p>Asinado: .....</p>	<p>O/A Titor/a externo,</p>          <p>Asinado: .....</p>	<p>O/A estudante seleccionado/a,</p>          
--	--	--

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA CELIA BESTEIRO RODRIGUEZ, VICERREITORA DE ORGANIZACION ACADEMICA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 05/03/2020 14:10:03.

**CSV:** CCCF-E3AA-4284-80E4